

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O REAL PADROADO DE SARGADELOS COMO CONTRIBUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA CASA DE ADMINISTRACIÓN E REALIZACIÓN DO PROXECTO EXPOSITIVO PERMANENTE DO MUSEO HISTÓRICO DE SARGADELOS.

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo, actuando como membro do Real Padroado de Sargadelos (CIF G27038298),

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio cultural galego. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, desenvolvendo actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades culturais que queren dar a coñecer a cultura galega, fomentando a intercomunicación na nosa lingua, entre os autores e o seu público, promocionando a nosa cultura dentro e fóra do noso país coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento da mesma.

O Real Padroado de Sargadelos, vén desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura galega. A Casa da Administración, convertida no Museo Histórico de Sargadelos, reúne todo tipo de pezas históricas da Real Fábrica de Louza e da actual Fábrica de Cerámica de Sargadelos. O museo tamén ofrece información sobre as distintas etapas históricas da Real Fábrica de Louza, sobre as materias primas e a elaboración das pastas para moldear as pezas, sobre a elaboración das formas e a súa tipoloxía ou sobre as coccións e a decoración das pezas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas partes teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións



O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Real Padroado de Sargadelos para o funcionamento e mantemento da Casa de Administración e para a realización do Proxecto expositivo permanente do Museo Histórico de Sargadelos.

ESTIMACIÓN DE GASTOS DE MANTEMENTO NO ANO 2026 (EN €)

PERSOAL (1.470 X 12)	17.640,00
SEGURIDADE SOCIAL (720 X 12)	8.640,00*
AXENCIA TRIBUTARIA (620 X 4)	2.480,00*
ENERXÍA ELÉCTRICA (250,00 X 12)	3.000,00
TELÉFONO (70,00X12)	840,00
XESTORÍA	920,00
TRABALLOS DE MANTEMENTO, MATERIAL DE OFICINA, CONSUMIBLES PARA AS INSTALACIÓNS E OUTROS	1.480,00
TOTAL	35.000,00

** Estes importes están expresados na contía mínima. Se se pagan fóra de prazo son incrementados cada mensuralidade nun 20%. Tamén é posible que estas cotas se vexan incrementadas no ano 2026.*

O Real Padroado de Sargadelos é o organismo encargado de garantir a conservación, posta en valor e difusión do conxunto histórico artístico de Sargadelos mediante a atención da exposición permanente así como atención de visitas guiadas ao conxunto histórico e demais actividades realizadas no complexo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto o Real Padroado de Sargadelos, pola calidade artística e material das súas pezas aparece dende fai décadas coma unha das entidades culturais máis importantes de Galicia dedicada a crear e promover as manifestacións da



cultura tradicional galega. Esta entidade caracterizouse, por unha parte, pola súa vocación decidida de impulsar a cultura galega en todos os seus ámbitos, por crear unha cerámica intimamente ligada á tradición e aos sinais identificatarios de Galicia e por unha investigación constante en materiais e en fórmulas de expresión. Deste xeito, o Real Padroado de Sargadelos, que ten a súa sede na Casa de Administración, como órgano reitor da entidade, confórmase como garante da continuidade dun dos nosos símbolos principais de modernidade asentada na tradición, polo que a acción de goberno da Administración pública debe darlle o seu apoio, para o obxecto de impulsar un modelo cultural e creativo con vontade de crecemento e expansión no propio territorio e no ámbito internacional.

Por todo o anterior e para dar cumprimento ao establecido no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026, no que se recolle unha subvención a favor do Real Padroado de Sargadelos, é polo que se tramita este convenio co Real Padroado que posúe a especificidade como beneficiario así como a actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

SEGUNDA.-Obrigas do Real Padroado de Sargadelos.

O Real Padroado de Sargadelos comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades -tanto impresa coma audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.



O beneficiario deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

O Real Padroado de Sargadelos deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Padroado comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.



TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 35.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.481.4, código de proxecto 201500373.

Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2026, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 17 de outubro de 2025, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

De conformidade co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007 poderán realizarse pagamentos á conta e tamén pagamentos anticipados.

O artigo 62 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada.

O artigo 63 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que se poderán realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder



levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O importe máximo que se poderá conceder como pagamento anticipado é de 16.100 €.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, en total 28.000 €.

O libramento dos fondos farase efectivo do seguinte xeito:

No caso de solicitar pagos anticipados, máximo 16.100 €, o Padroado deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que se van a financiar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades.

No caso de solicitar abonos á conta que responderán ó ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente ás xustificacións presentadas.

O importe conxunto de pagamentos á conta e de pagamento anticipados non poderá ser superior a 28.000 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4 do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

CUARTA. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da



actividade e, no seu caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 26 de decembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O Padroado presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividades, na que figurará para cada un dos conceptos o número de factura, data de emisión, provedor, descrición do gasto e o importe da factura. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos.

Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.



Todos os gastos que se presenten nas xustificacións deberán vir acompañados con comprobantes de pago por calquera dos medios admisibles, si é posible. Aqueles gastos realizados e que non fose posible pagar por falta de liquidez, que respondan á natureza da actividade subvencionada, deberán detallarse nunha relación. O Real Padroado de Sargadelos no prazo dun mes a contar dende o cobro da axuda, deberá remitir un escrito dicindo que todas as facturas presentadas na xustificación xa foron pagadas. Para elo deberán achegar, xunto co escrito, unha relación detallando estas e extracto bancario no que aparezan os pagamentos realizados.

Na derradeira xustificación de gastos poderanse incluír os gastos correspondentes á nómina de decembro, seguridade social de decembro e IRPF do derradeiro trimestre do ano, así como facturas de tracto sucesorio.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda xustificación que non o cumpra.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026 que respondan á natureza da actividade subvencionada, así como aqueles gastos de carácter sucesivo realizados no ano 2025 pero que, dada a data de realización ou de recepción da factura, non se puideron presentar na derradeira xustificación de 2025.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que o Padroado non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de



demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución do presente convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e pola alcaldesa do Concello de Cervo como membro do Real Padroado de Sargadelos. As discrepancias derivadas da execución e interpretación do convenio, serán resoltas polo Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, co que se porá fin á vía administrativa.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal



fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Real Padroado de Sargadelos acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e



integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Polo Real Padroado de Sargadelos Xuventude

José Carlos López Campos

María Dolores García Caramés

